

## Festa do Champiñón en Ordes

CEDIDA

# Gestordes, servizos de calidade que permiten simplificar a vida empresarial

Situada na rúa de Mundito, 5, ofrece xestión laboral, fiscal, contable e de seguros

Gestordes Gestión Administrativa é unha empresa con sede en Ordes (rúa Mundito, 5) que acumula 14 anos de experiencia ofrecendo servizos de xestión laboral, fiscal, contable e de seguros para simplificar a vida empresarial dos traballadores.

Integrada por un equipo de dez profesionais cualificados, os seus servizos comprenden asesoramentos personalizados a particulares, autónomos e pemes de toda a comarca e de parte da Coruña e Santiago.

Gestordes ofrece unha ampla carteira de servizos orientados a facilitar o día a día das empresas, optimizar recursos e garantir o cumprimento da

normativa vixente. Entre os servizos máis solicitados destaca a xestión de impostos, unha das áreas máis sensibles para calquera negocio. A xestoría encárgase da preparación e presentación de declaracións fiscais, do cálculo de retencións e do seguimento dos cambios na lexislación, axudando así a evitar erros, sancións e sobrecostos.

Outro dos piares fundamentais é a xestión de nóminas, un servizo esencial para asegurar que o persoal cobre en tempo e forma, sempre conforme á lexislación laboral vixente.

Ademais, a firma ofrece solucións para a solicitude de subvencións e axudas, unha vía cada vez máis impor-



A xestoría acumula catorce anos de experiencia no sector.

tante para mellorar a liquidez, reducir custos operativos e impulsar a viabilidade dos proxectos empresariais.

Asemade, tamén acompaña os negocios nos procesos de apertura ou peche de empresa, garantindo unha tramitación ordenada, eficiente e axustada á legalidade. Cabe destacar que Gestordes está inmersa na campaña da renda, polo que a través das decla-

**Traballa con pemes, empresas e particulares de toda a comarca e de parte da Coruña e Santiago**

racións do IRPF o equipo encárgase de revisar cada caso de maneira personalizada para aproveitar todas as deducións e beneficios fiscais posibles, evitar erros que poidan supor un prexuízo económico e garantir o cumprimento das obrigas tributarias. Deste xeito, os clientes poden afrontar este trámite con tranquilidade e coa seguridade de estar en mans profesionais. ■



*Transporte de mercancías por carretera*

Parque Empresarial, 10-11 | ORDES (A Coruña)  
Tls. 981 680 773 | 981 681 272 | 981 681 456  
F. 981 681 296 | M. 616 915 191



[www.trc95.com](http://www.trc95.com)

*Restaurante*  
**Avelino**  
CARNES • PESCADOS  
MARISCO • COMIDA CASERA

Mesón do Vento, 61 • ORDES • T. 981 692 904 • M. 609 232 591

**CARPINTERÍA METÁLICA NOYA E HIJOS, S.L.U.**

- NAVES INDUSTRIALES • CUBIERTAS • ENTRESUELOS
- AUTOMATISMOS • CERRAJERÍA ARTÍSTICA
- PERSIANAS METÁLICAS • PORTALES Y CIERRES DE TODO TIPO EN HIERRO Y ALUMINIO

Polígono Industrial de Ordes - Parcela 93  
15680 ORDES (A Coruña)  
Teléfono: 981 680 637 - Fax: 981 699 607  
info@ri-metalica.com • www.ri-metalica.com

*Felices festas*

INSTALACIÓNS E MANTEMENTOS

**ÁNGEL VEIRAS VARELA**

Fontanería - Instalacións térmicas  
Gas - Produtos petrolíferos

Ordes - A Coruña • T. 696 484 133

**Simplifica tu gestión empresarial con nuestros servicios especializados**  
*Presupuesto sin compromiso*



- Servicio de asesoría
- Asesoría empresarial
- Asesoría para particulares

Mundito, 5 Bajo • Ordes (A Coruña) | Ts. 881 864 528 - 698 191 778 | F. 881 864 529 | [gestordes@gestordes.com](mailto:gestordes@gestordes.com)

## Festa do Champiñón en Ordes

# Unha celebración que medra como escaparate da vila

### Redacción

Como cada abril, o champiñón volverá encher os pratos dos veciños da comarca de Ordes para celebrar a festa gastronómica de exaltación deste produto. O concello, desde hoxe e ata domingo, acollerá un ferredoiro de xente desexosa de pasalo ben, gozar de boa música e degustar un rico xantar. Nesta edición número 35 das celebracións destacan propostas como os agardados concertos de Mondra e Mägo de Oz, que terán lugar este venres e sábado respectivamente.

Un dos grandes atractivos da festa é a colaboración entre os establecementos de hostalaría e o Concello, de maneira que os negocios teñen ao seu dispor os champiñóns para preparar as ricas receitas que os festeiros poderán degustar en forma de tapa a custo cero con cada consumición que pidan o sábado e o domingo. A oferta é apta para todos os gustos. «Os nosos locais fan un traballo moi importante. Póden-se atopar preparacions con salmón, con nata, en forma de empanada, con xamón ou como tortilla», indica o concelleiro de Exposicións, Eventos, Feiras e Mercados, Pablo Vázquez Candal.

O edil subliña que esta é unha cita marcada no calendario das familias para celebrar xuntanzas e gozar dun momento especial arredor da gastronomía: «É un motivo para reunirse con amizades, amigos, achegados, veciños e veciñas».

Ademais, os festeiros que se achen a Ordes esta fin de semana tamén poderán descubrir os segredos que garda o champiñón como alimento e as formas máis interesantes para preparalo, xa que tanto o sábado como o domingo organizaranse *showcookings* en directo con degustacións completamente gratúitas. E por se todo isto fose pouco, tamén se contará con servizo de polbeira.

### Unha cita «cada vez máis lúdica»

Por outra banda, Pablo Vázquez explica que co paso dos anos a Festa do Champiñón «foise transformando cada vez máis nunha cita lúdica». Un cambio que conseguiu captar un maior interese do público mozo.

As rúas da vila desbordarán alegría coa actuación de gaiteros, charangas, a banda de música municipal e DJs. Esta noite haberá verbena amenizada pola orquestra La Fórmula e, o domingo, a París de Noia e Capitol sacarán a bailar aos festeiros.

Non obstante, o edil considera que de cara a futuro pode ser interesante enfocar o festexo como unha ferramenta para promocionar o comercio e a cultura local: «Ordes ten moito que ofrecer. Sería interesante promocionar máis o que é noso e xerar un maior retorno económico».

Con todo, a Festa do Champiñón preséntase como unha oportunidade para visitar en profundidade o Conce-

llo de Ordes aproveitando o bo tempo da primavera. Neste senso, plans como pasear polos pazos de Codeseda ou Bidueiro e a contorna do encoro Vilasén son perfectos para gozar dun respiro de tranquilidade rodeado de verde. Asemade, quen teña interese en coñecer máis da súa cultura, pode visitar o Museo do Traxe Juanjo Linares e afondar nunha interesante parte da historia do municipio. ■



Gaiteros tocando nunha edición anterior da Festa do Champiñón de Ordes.

# 35ª Festa do Champiñón

ORDES  
24, 25 e 26 DE ABRIL

**VENRES 24**

22:30 H. Verbena coa **Orquestra LA FÓRMULA**  
23:30 H. Concerto de **MONDRA**

**SABADO 25**

10:00 H. PASARRÚAS con:  
**Embruxo gaiteros e A.C Camiño Real de Poulo**  
- Apertura do recinto de exposición de maquinaria agrícola.  
- Apertura da Feira de artesanía na alameda.

De 12:00 a 18:00 H. **SHOWCOOKING:**  
Lugar: Campo da Feira / Degustación gratúita de champiñóns

13:00 H. **SESIÓN VERMÚ** con Charanga TNT e DJ Jesusinho  
19:00 H. **SABOR TROPICAL:** Exhibición da escola de baile Tropicalia (IZ)  
20:00 H. **Charanga TNT**  
22:00 H. **Grupo FINISTERRE**  
23:30 H. Concerto de **MAGO DE OZ**

**DOMINGO 26**

10:00 H. PASARRÚAS con: "A.C. Leira Gaiteros", "A.C. Pandeireteiras de Ardevento" e "A.F. Sementes da arte"  
- Apertura do recinto de exposición de maquinaria agrícola.  
- Apertura da Feira de artesanía na alameda.

11:00 H. PASARRÚAS coa **Banda de Música de Ordes.**  
12:00 H. **Charanga BB+**  
De 12:00 a 18:00 H. **SHOWCOOKING:**  
Lugar: Campo da Feira / Degustación gratúita de champiñóns

13:00 H. Actuación da **Banda de Música de Ordes.**  
14:00 H. **Sesión Vermú** con Grupo **ALASKA**  
17:00 H. **Charanga BB+**  
18:00 H. Verbena con **PARÍS DE NOIA e CAPITOL**

**DEGUSTACIÓN DE CHAMPIÑÓNS**  
Sábado e Domingo nos locais da hostalaría.

Haberá **SERVIZO DE POLBEIRA!**

ORDES | Asociación de Artesanía | JUNTA DE GALICIA | GALICIA CALIDADE | Xacobus 2021 | aecor